

MÉRCORES 27.XOVES 28 E VENRES 29

DE MAIO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, e que as actividades de ampliación son optativas.

27 - 05 - 2020

FICHA Nº8 (páx.8): Normas de convivencia.

Escoitar (e bailar se queren) antes de comezar a ficha poderíamos escoitar a canción *"pequeño planeta"* ademais de ver algún vídeo sobre o coidado do medio ambiente.

https://www.youtube.com/watch?v=_Wpv1czv08A

<https://www.youtube.com/watch?v=kj6B1tFZtQM>

<https://www.youtube.com/watch?v=ZiSboskv0HA>

Posteriormente preguntarémoslles aos nenos/as por que cren que é importante respectar a natureza? Que sucedería se non o coidamos? Coñeces algún lugar que non está coidado?

Pasaremos logo, a facer a ficha: Que nenos non se comporta adecuadamente no bosque? Podes estampar unha huella encima dos que non se están comportando ben ou podedes rodealos con rotulador.

Finalmente pega no cartel as prohibicións (son pegatinas).

AMPLIACIÓN: Debuxamos dos planetas, un contento e outro triste. Ao redor do triste debuxaremos cousas/accións que non lle gusten ao planeta (lixo tirado, plástico no mar...).


A modo de exemplo déixovos esta imaxe.





AMPLIACIÓN: Ir dar un paseo e observar se o entorno está coidado
(ademais co bo tempo soe apetecer ☺)

AMPLIACIÓN: Con material que tendes pola casa podedes crear xogos educativos. Por exemplo podedes facer, para traballar os números, as seguintes tiras con cachos de papel e lá ou cordel.





Ou por exemplo meter pedras (botóns...) dentro dos cartóns dos ovos.



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación que tendes nos fogares.

28 - 05 - 2020

FICHA Nº9: Desenvolver a grafomotricidade

Por diante e por detrás da ficha repasamos os trazos en espiral (primeiro con lapis e logo con rotulador).

AMPLIACIÓN: Que vedes na ficha? Onde hai tanta area? Sabes como se chama este tipo de hábitat?(deserto)

Para coñecer algo máis do deserto podemos ver os seguintes vídeos:

<https://www.youtube.com/watch?v=79z5Tp482Ug>

<https://www.youtube.com/watch?v=JjVO1AuRogk> (canción)

<https://www.youtube.com/watch?v=Hgi7VWGxAhc> (canción)

<https://www.youtube.com/watch?v=oUYGi4X9JyU> (os camelos/dromedarios)

AMPLIACIÓN: Podemos realizar diferentes manualidades relacionadas co deserto. A continuación déixovos unhas mostras por se vos apetece facer algunha:

- Facer o noso cactus. O neno/a debuxa o cactus e logo pégalle os pinchos que serán cachos de palillo. En vez de palillos tamén se lle pode pegar arroz.



- Cactus en maceta. Trátase de debuxar unha maceta e encima a man do neno/a, pintala e finalmente con rotulador negro facerlle os pinchos



- Podemos facer un camello con material de refugallo. Para iso precisamos dous rolos de papel hixiénico, un cacho de cartón e un cartón dos ovos. Logo imitamos o que vemos na imaxe e finalmente pintamos as partes como se queira.



AMPLIACIÓN: Podedes continuar a repasar o trazo na seguinte lámina borrrable. Recordade é necesario facelo con rotulador lavable.

Láminas borrables



Para seguir traballando o espiral podemos facer algunha das seguintes actividades:

- Caracol con plastilina.



- Debuxamos espirais



AMPLIACIÓN: Como os outros días pódese ampliar con unha ficha de ampliación que tendes nos fogares.

29-05-2020

FICHA Nº10 (páx.10) Nesta ficha toca traballar a motricidade e tamén a creatividade. Nela hai que debuxar flores de todo tipo (diferentes tamaños, cores, formas...). Ou senón podemos estampalas con selos, ou huellas,... (co que teñades a vosa disposición).

Logo para aprender algo máis sobre as plantas podemos ver os seguintes vídeos:


<https://www.youtube.com/watch?v=ThbSPNIRzOo>

<https://www.youtube.com/watch?v=kgoDDLxfVOw>

<https://www.youtube.com/watch?v=Id03iLlnJIY> (adiviñanzas de flores)

Tras facer a ficha (se vos é posible) Saíde a pasear e cando atopedes unha flor dicirlle o nome ó neno/a. Logo o rapaz/a deberá identificar as partes da planta sinalándoas. (raíz que estará debaixo da terra, talo, follas e pétalos).

Finalmente no **reverso** da ficha os nenos/as deberán debuxar unha flor grande (a que eles queiran) con todas as súas partes. Logo deberán indicar como se chama cada parte e escribir de lado o seu nome (coa axuda do adulto).



AMPLIACIÓN: Unha actividade que seguro lles gustará aos nenos/as é plantar algún tipo de flor. Deste xeito poderán ver o proceso de crecemento da planta (dende a semente ata a súa morte).

Outra opción máis rápida e ver xerminar legumes. Como maceta empregaremos cascas de ovos as cales decorarán con rotulador. Logo dentro da casca colocárase un algodón húmido (non empapado) e encima algunha legume que teñades pola casa: lentellas, fabas, garbanzos... Colocade os ovos nun lugar cálido e soleado e despois dunha semana aproximadamente deberían comezar a xerminar as legumes (en vez de cascas de ovos podedes empregar calquera bote que teñades casa).



AMPLIACIÓN: Como non, podemos facer diferentes debuxos de flores empregando diferentes técnicas.

- Facer con rolos de papel hixiénico as plantillas que logo os nenos/as estamparán por toda a folia.





- Con botellas valeiras tamén podemos facer unhas flores moi bonitas.



Se vos animades a facer algunha das manualidades agradeceríamos recibir as fotografías 😊